

## FONDO DE PENSIONES APROBADAS AS CONTAS

### Aprobadas as Contas Anuais do Exercicio 2014

O pasado 29 de abril aprobáronse por ampla maioría as contas anuais 2014 do Fondo de Pensións de Emprego de BBVA, tras examinar o Informe de Auditoría e o Informe Actuarial no Pleno da Comisión de Control.

	Maio 2015	2014	2013	2012	2011	2010
Rendibilidade	3,34%	6,44%	7,37%	8,7%	2,66%	0,76%
IPC		-1	0.3	2.9	2.4	3

No cadro anterior, pódese comprobar que a xestión se está a facer ben. É importante recordar que nas reunións da Comisión Técnica de Investmentos, estamos permanentemente atentos a como a nosa Xestora xestiona o binomio rendibilidade e risco.

Nestas semanas estamos a traballar intensamente neste sentido, para elaborar -co maior consenso posible-, un documento de Política de Investimento que afonde na diversificación nos activos en que inviste o fondo, na liña de reducir o nivel de Renda Fixa, para a que se esperan rendibilidades moi baixas nos próximos meses. Ademais, **CCOO** queremos que quede amplamente reflectida a vontade de incluír, na xestión do fondo de pensións, os riscos extrafinanceiros ligados ao Investimento Socialmente Responsable.

Tamén detectamos que un elevado número de beneficiarios rescata o seu fondo de pensións ao xubilarse. Sabemos que a fiscalidade non axuda, pero é moi importante manter o volume do noso Fondo, precisamente para poder diversificar o investimento e obter maiores rendibilidades. Este Fondo dános unha pensión complementaria á da Seguridade Social e a natureza do seu cobramento máis axeitada é en Renda Financeira. Parece necesaria unha maior pedagogía neste sentido, que por parte de **CCOO** nos comprometemos a impulsar.

### Deixamos constancia do que non nos gusta, pero sen frivolidades

Na Acta da reunión do día 29 de abril fixemos constar algunhas cuestións coas que non nos sentimos cómodos no Plan, e todas elas achacables á actitude do Promotor BBVA, xa denunciada ano tras ano, de negarse a negociar cuestións tan importantes como:

- Incremento da aportación mínima de 540,91€
- Actualización do Regulamento do Plan.
- Situación dos compañeiros de Serfinbex-Banco Cantábrico.
- Exercicio dos Dereitos Políticos das accións propiedade do Fondo.

En todo caso, entendemos dende **CCOO**, a defensa destas reivindicacións non deben mesturarse coa aprobación das contas anuais, pois non cremos que o que necesiten os partícipes e beneficiarios do Plan sexan sobresaltos e tensións coa Dirección Xeral de Seguros, senón solución aos problemas sinalados e que dependen, en case a súa totalidade, dun cambio na forma de actuar de BBVA.

### Eleccións a representantes de Beneficiarios do Plan de Pensións

O próximo 25 de xuño, exclusivamente por voto por correo, se celebrarán as eleccións para designar os dous representantes dos beneficiarios no Plan de Pensións. Os electores, os 5.446 compañeiros e compañeras beneficiarios do Plan, recibiredes instrucións de como votar.

**CCOO** presentaremos unha candidatura solvente e contrastada que esperamos conte coa confianza de todos e todas, para seguir traballando por un Plan de Pensións ao servizo exclusivo de partícipes e beneficiarios, baseado na transparencia e o bo goberno.

**Aportamos solucións, melloramos os teus dereitos.**

Xuño 2015